

**ACTA DA 1ª SESIÓN DO TRIBUNAL PARA O PROCESO SELECTIVO PARA A
PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE
PROMOCIÓN INTERNA, DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVA/O,
FUNCIONARIA/O DE CARREIRA, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE
EMPREGO PÚBLICO 2021 CONCELLO DE TEO.**

Sendo as 10:00 horas do día 06/06/2023 reúnense as persoas que de seguido se relacionan para a constitución do tribunal de selección de dunha praza polo sistema de promoción interna de auxiliar administrativa/o, funcionaria/o de carreira do Concello de Teo.

Presidenta:

Dª. Marta Oviedo Crego (tesoureira do Concello de Boiro)

Vogais:

Dª. María Jesús Carreira Salvadores (administrativa do Concello de Teo).

D. Susana Calvo Baleato (tesoureira do Concello de Teo).

Secretaria:

Dª. Ignacio Soto González (arquitecto municipal do Concello de Teo)

Examinada a documentación presentada polos/as aspirantes admitidos neste proceso selectivo, procédese á valoración de méritos conforme ao establecidos nas bases xerais e específicas, publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 23 de data 2 de febreiro de 2023.

De acordo co disposto na base novena, relativo á “formación específica/complementaria relacionada”, das Bases Xerais, serán obxecto de valoración as accións formativas (incluíndo nas mesmas os cursos de formación, perfeccionamento e especialización, e excluindo as titulacións requiridas para participar no proceso selectivo) directamente relacionadas coas funcións e perfil profesional propios da praza obxecto de cobertura, e impartidas, organizadas, recoñecidas e/ou homologados por administracións públicas ou entidades ou organismos dependentes destas. A este respecto, o Tribunal acorda valorar os cursos que se presenten para acreditar a formación, en función do temario establecido no Anexo II das Bases Específicas.

A puntuación outorgada aos/ás aspirantes na fase de concurso, tendo en conta a experiencia profesional e a formación específica/complementaria relacionada, reflíctese na seguinte táboa:

APELIDOS E NOME	EXPERIENCIA	FORMACIÓN	PUNTUACIÓN TOTAL
VIÑA FEÁS, MARÍA JESÚS	32	8	40

De acordo co previsto na Base novena.1 das Bases xerais que rexen a convocatoria, os aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación das puntuacións obtidas na fase de concurso, para formular alegacións.

O Tribunal acorda convoca ós/ás aspirantes para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición que terá lugar o vindeiro día 22 de xuño de 2023 ás 11:00 h. no Salón de Plenos do Concello de Teo (Travesía da Ramallosa, 38 - Teo), e reunirse ás 09:00 h. do citado día 22 de xuño, para acordar o exame que se realizará ós/ás aspirantes segundo previsto nas bases que rexen a convocatoria.

Sendo as 12:05 horas do día indicado, dáse por rematado o acto, estendéndose a presente acta, que asinan todos os membros asistentes do tribunal, do que dou fe.

Presidenta	Vogal
Marta Oviedo Crego	María Jesús Carreira Salvadores
Vogal	Secretaria/vogal
Susana Calvo Baleato	Ignacio Soto González